

Experiencias alternativas en economía social. Reflexiones desde un marco subdesarrollado en tiempo de crisis

Manuel Jordan Rodríguez

Departamento de Economía Aplicada
Universidad de Santiago

Lo que sigue quiere ser una reflexión sobre un tipo de experiencias alternativas en economía social: las cooperativas, su significado, posibilidades y limitaciones en el marco concreto de un subdesarrollo con crisis como el de Galicia.

Con una perspectiva meramente formal las cooperativas son una fórmula de empresa distintas a la usual en una economía capitalista, por lo que no incorpora directamente el juego de relaciones sociales capitalistas típico entre empresarios-proletarios.

La organización cooperativa en distintos sectores de la actividad económica, como las cooperativas de producción industriales, de servicios agrícolas y de explotación comunitaria de la tierra, se presenta como económicamente ventajosa.

La consecuencia de una visión de tal índole sería la hipervaloración de la forma como tal y el posterior diseño de alguna variante de utopismo proselitista del cooperativismo como una especie de receta milagrosa que curara en todo tiempo y lugar los males económico-sociales.

Evidentemente no es preciso demostrar aquí que no existe el sistema cooperativo como tercera fuerza, alternativa y equidistante de capitalismo y socialismo. Llegando a la conclusión de que bajo el denominador común de la fórmula cooperativa se pueden vehicular los más diversos proyectos económico-sociales, en tanto que de la existencia de distintos tipos en distintas circunstancias resultan diversos contenidos para la misma forma.

He seleccionado 3 tipos de cooperativas, de producción industrial, de servicios agrícolas y de explotación comunitaria de la tierra, en razón de los sectores sociales a que van dirigidos y de su importancia específica en Galicia. Analizando sus posibilidades en el marco genérico del capitalismo en un país subdesarrollado y con crisis.

Cooperativas de producción

La evolución de las cooperativas de producción industriales, viene determinada por el hecho de existir en condiciones de mercado capitalista, que las impulsan a adoptar decisiones productivas que se presentan como

Experiencias alternativas en economía social. Reflexiones desde un marco subdesenvolvido en tempo de crise

Manuel Jordan Rodríguez

Departamento de Economía Aplicada
Universidade de Santiago

I.— Introducción

O que segue quere ser unha reflexión sobre un tipo de experiencias alternativas en economía social, as cooperativas, o seu significado, posibilidades e limitacións no marco concreto dun desenvolvemento con crise como é o de Galicia.

Non se trata tanto de elaborar unha alternativa detallada, non tería sentido máis que como froito dunha reflexión e vontade colectivas, senón de intentar resumir e ordenar aportacións e ideas dispersas no campo do pensamento económico non ortodoxo para estudiala súa aplicabilidade no contexto elixido. Algunhas desas aportacións forman parte do background de calquer economista e, nesa medida, estas reflexións corren o risco de se converter nunha sucesión de lugares comúns sen interese. Asumo o risco co convencemento de que, con frecuencia, a Teoría cooperativa foi un coto pechado de posicións doctrinarias moi ó uso, pero incapaces de transcender a dimensión puramente formal deste tipo de sociedades. É imprescindible fuxir de todo tipo de maniqueísmos para analizar unha práctica que, hoxe por hoxe, adquire novas formas e aparece en novos contextos. Valla, pois, o anterior como desculpa dun intento, certamente limitado, pero con vocación de ser diferente.

II. Unha visión formal

Cunha perspectiva meramente formal as cooperativas son unha fórmula de empresa distinta á usual nunha economía capitalista. A limitación de xuros ó capital, a participación dos socios no sistema de toma de decisións da empresa, o sistema de reparto de beneficios, a particular estrutura e configuración do capital social, etc... definen a especificidade de tal fórmula. De tal maneira que, visto así, é evidente que a fórmula cooperativa non incorpora directamente o xogo de relacións sociais capitalistas típico entre empresarios-proletarios (1).

Aínda máis, igualmente desde ese prisma, a organización cooperativa en distintos sectores da actividade económica preséntase como economicamente avantaxosa. Así, entre outras: as cooperativas de produción industriais incorporan fronte a un sistema de traballo individual tódalas avantaxes da cooperación no traballo (división do traballo, especialización de traballadores e medios de produción, economías de escala na produción, etc...); as cooperativas de servizos agrícolas fronte a un sistema individual de compra e/ou venda permiten fundamentalmente conseguir mellores prezos; e en fin, as cooperati-

(1) Véxase: Jordán Rodríguez, Manuel. «As cooperativas en Marx y Engels», en *Estructura económica y desarrollo*, n.º 1, 1985.

convenientes desde el punto de vista empresarial pero que son contradictorias con la dimensión social de un tipo de empresa en que cada trabajador es socio propietario y, por tanto, participa en una decisión que puede no ser la mejor para sus intereses a corto plazo como trabajador.

Con este marco, las experiencias cooperativas más frecuentes son las cooperativas de pequeña dimensión que producen para mercados reducidos en los que operan en menor medida aquellos impulsos hacia una intensificación productiva contradictoria con el carácter social de la cooperativa, en las que pesarán, de una parte, los costes financieros derivados de que no son fruto de un proceso de acumulación previo y las dificultades de gestión propios de los que asumen ex novo tareas de dirección y producción a un tiempo. De otra parte, comparando con la generalidad de la pequeña empresa, la superior capacidad de resistencia de las cooperativas en circunstancias difíciles, derivada de que en las empresas regidas por los propios trabajadores se «valorizan» más los medios de producción, o también de que los que decidieran el cierre de la empresa, socios-propietarios-trabajadores a un tiempo, estarían decidiendo la eliminación de su fuente de renta.

En suma, desde una perspectiva economista, las cooperativas de producción en la industria están posiblemente abocadas a ser una experiencia marginal si consideramos la economía en su conjunto.

Cooperativas de servicios agrícolas

Las cooperativas de este tipo, cuando no asumen operaciones de transformación de los productos con los que comercian, son relativamente poco exigentes en capital y, por eso, no es difícil su extensión horizontal en el número de socios adherentes y en el número de productos intercambiados, consiguiendo sus asociados mejores precios en el caso de mercados no oligopolizados, y no necesitando obtener beneficios empresariales para subsistir.

Otro alcance tienen las cooperativas de transformación de productos y/o de producción a gran escala de inputs agrarios, que permitiría a los labradores agrupados regularizar y tipificar su oferta en unos casos y/o producir para su propia demanda en otros.

Cooperativas de explotación comunitaria de la tierra

El problema en una agricultura de pequeñas explotaciones no es sólo comercial, sino de estructuras productivas. Una de las alternativas para resolverlos son las cooperativas de explotación comunitaria de tierras y ganados.

Creo que su campo de aplicación debería limitarse a contextos muy concretos.

vas de explotación comunitarias da terra en zonas de predominio da pequena explotación conseguen as economías de escala da gran explotación, á que se igualan en extensión, sen a maioría dos seus inconvenientes.

A consecuencia dunha visión de tal índole sería a hipervaloración da forma como tal e o posterior deseño dalgunha variante de utopismo proselitista do cooperativismo como unha especie de receita milagrosa que curara en todo tempo e lugar os males económico-sociais.

III. Tipoloxía

Evidentemente non é preciso demostrar aquí que non existe o sistema cooperativo como terceira forza, alternativa e equidistante de capitalismo e socialismo. Interesa entón, xa que, aquí e agora, esa forma existe no capitalismo, saber en que medida esta circunstancia determina o contido concreto das cooperativas. Noutras palabras, a non existencia de cooperativismo, en singular, obriga a coñecer e explica-los diversos cooperativismos. Chegados a este punto pódese establecer xa unha conclusión que non é nova para a maioría dos economistas: baixo o denominador común da fórmula cooperativa pódense vehicular os máis diversos proxectos económico-sociais, en tanto que da existencia de distintos tipos en distintas circunstancias resultan distintos contidos para a mesma forma.

Seleccionarei 3 tipos de cooperativas: de produción industrial, de servizos agrícolas e de explotación comunitaria da terra, en razón dos sectores sociais a que van dirixidos e da súa importancia específica en Galicia.

Por limitacións persoais obvias, limíteime a analiza-las posibilidades dos 3 tipos no marco xenérico do capitalismo nun país subdesenvolvido e con crise. Aínda que o nivel de concreción nunha análise das posibilidades de cada tipo podería chegar ata o estudo das circunstancias específicas de cada sector e rama de actividade económica. De feito creo que debe levarse a ese nivel á hora de avaliar calquera experiencia concreta.

IV. A dimensión económica das cooperativas en Galicia

IV.1. Cooperativas de produción

Globalmente, a evolución das cooperativas de produción industriais ven determinada polo feito de existir en condicións de mercado capitalista. As condicións concretas do mercado impulsan frecuentemente ás cooperativas de produción a adoptar decisións productivas que se presentan como convenientes dende o punto de vista empresarial, pero que son contradictorias coa dimensión social dun tipo de empresa en que cada traballador é socio propietario e, por tanto, participa nunha decisión que pode obxectivamente non se-la mellor para os seus intereses a curto prazo como traballador (2).

Con este marco, as experiencias cooperativas concretas oscilan nunha liña definida teoricamente por dous extremos. Nun, hoxe en día

(2) Neste punto, por unha vez, coinciden Rosa Luxemburg e Bernstein.

Véxase: Luxemburg, Rosa. «Les syndicats, les cooperatives et la démocratie politique», en OEUVRES, Tomo I, Maspéro Paris, 1969, páx. 61 e ss. e Bernstein, Eduard. *Socialismo Evolucionista*, Ed. Fontamara, Barcelona, s.f., páx. 114 e ss.

A título de ejemplo el más importante: la cooperativa de explotación comunitaria ahorra mano de obra. Esto explica que frecuentemente se monten en contextos en que hay emigrantes, titulares de explotaciones de edad o absentistas.

Otra posibilidad es que para los titulares de las pequeñas explotaciones integradas, la cooperativa sea su alternativa de empleo que implica un encarecimiento de los costes. Siendo este uno de los problemas comunes a todas las alternativas para una agricultura de pequeñas explotaciones. Eliminarlo requeriría una serie de medidas que, serían parte fundamental de un programa de reforma agraria.

La dimensión social de las cooperativas en Galicia

Hemos visto que no hay argumentos económicos incuestionables que avalen cualquier tipo de cooperativa en cualquier circunstancia. Pero el cooperativismo tiene una dimensión social inseparable de lo económico.

No hace falta demostrar que el cooperativismo puede servir para vehicular proyectos sociales muy diversos, cuyos objetivos dependen de un marco de referencia concreto, en este caso la economía gallega y su diagnóstico como economía subdesarrollada, que tiene como reto no sólo el conseguir niveles de renta dignos para algún sector de la población sino también el poner freno a un proceso de desintegración social.

Cooperativas de producción

En sectores industriales en los que hay presencia sindical y con altas tasas de paro caben diferentes perspectivas sobre el papel de las cooperativas de producción.

¿Cuál es el coste de montar cooperativas como alternativa al paro?. Responder a esta pregunta significa examinar el papel social de las cooperativas en la industria y su relación con el papel que le atribuyamos a los sindicatos.

La posición social y los intereses objetivos de los cooperativistas en la industria persigue unos fines, a corto plazo, que no coinciden con los de los sindicatos. El cooperativismo de producción, tiene un alcance económico limitado, podrá resolver en la industria los problemas de un grupo de obreros parados pero no es la solución para todos los parados.

No es función de los sindicatos el promover cooperativas y sin embargo, están ahí. ¿Cuál sería el papel de los sindicatos ante esto?

Con carácter general los sindicatos deben, si pueden, estar dentro de las cooperativas intentando impedir que degeneren en simples empresas. La táctica concreta dependerá de cada tipo concreto de cooperativa.

Excepcionalmente, las cooperativas de producción tienen sentido como fórmula que

o más probable e se non fracasan a posibilidade límite, cooperativas de pequena dimensión que producen para mercados reducidos nos que operan en menor medida aqueles impulsos cara a unha intensificación productiva contradictoria co carácter social da cooperativa. Noutro, difícil de alcanzar para unha cooperativa creada, nas actuais circunstancias, empresas máis grandes que, por mor da súa supervivencia, acentuaron o proceso de intensificación a costa de perde-lo sentido cooperativo. A posibilidade, hoxe, de chegar á síntese ideal, é máis teórica ca real, pero en todo caso só unha análise nun nivel de abstracción menor có que aquí se pretende, que parta das condicións concretas de cada rama de actividade, poderá dici-la última palabra.

A solución máis frecuente será o segundo óptimo: as pequenas cooperativas colocadas no extremo inferior da liña antes definida, coa espada de Damocles do fracaso sempre presente, como en moitas pequenas empresas en tempos de crise. Na particular balanza das cooperativas pesarán, dunha parte os custos financeiros derivados de que non son froito dun proceso de acumulación previo (salvo que con sarcasmo se consideren as indemnizacións por desemprego como equivalentes a ese proceso) e as dificultades de xestión propios dos que asumen ex novo tarefas de dirección e produción ó mesmo tempo (3). Doutra parte, comparando coa xeneralidade da pequena empresa, a superior capacidade de resistencia das cooperativas en circunstancias difíciles, derivada de que nas empresas rexidas polos propios traballadores «valorizanse» máis os medios de produción (4), ou tamén de que os que eventualmente decidiran o peche da empresa, socios-propietarios-traballadores ó mesmo tempo, estarían decidindo a eliminación da súa fonte de renda (ou, polo menos, unha das súas fontes de renda). A resistencia será máis alta canto maior sexa a pluriactividade no conxunto da economía familiar de todos e cada un dos traballadores, canto máis diversificadas estean as fontes de renda nesas conxuntos familiares e canto menor sexa o custo de oportunidade de traballar na cooperativa, que nun contexto con altas taxas de paro evidentemente é baixo.

En suma, dende unha perspectiva economicista, salvo que preconcicemo-la volta a unha especie de arcaísmo económico, haberá que concluir que, vistas globalmente, as cooperativas de produción na industria están posiblemente abocadas a ser unha experiencia marxinal se consideramo-la economía no seu conxunto. Por tanto, pasa ó primeiro plano da discusión, como sen dúbida está implícito no título que os organizadores destas xornadas deron a esta subárea das mesmas a dimensión social das distintas experiencias, o que será obxecto doutra parte desta ponencia.

IV.2. Cooperativas de servicios agrícolas.

Nunha agricultura de pequenas explotacións non hai obstáculos económicos insalvables para constituír cooperativas de servicios.

As cooperativas deste tipo, cando non asumen operacións de transformación dos produtos cos que comercian, son relativamente

(3) Ibid. Bernstein, Eduard. *Socialismo Evolucionista...*, páx. 105.

(4) Véxase: Marx, K. *EL CAPITAL*, libro 3.º, Ed. Siglo XXI, Madrid, 1977, páx. 496.

permita aflorar algunas actividades de economía sumergida (industria textil), particularmente en zonas agrícolas de Galicia.

Cooperativas agrarias

La idea del cooperativismo como sustitutivo del sindicalismo tiene unas particulares e intensas connotaciones en una agricultura de pequeñas explotaciones, en las que las posibilidades de instrumentalizar cualquier política económica, son mayores si estos están agrupados. Las cooperativas agrarias son una forma, no la única, de integración.

En Galicia no hay casi coste de oportunidad de montar cooperativas agrarias porque los sindicatos agrarios tienen poco peso.

El cooperativismo agrario en este momento puede ser un punto de agrupamiento de un sector social fundamental en un país con el 40% de la población activa en la agricultura, de un sector económico, hasta ahora poco organizado, en el que se habrá de basar por fuerza cualquier proyecto de desarrollo del país.

En definitiva, se trata de razones tácticas, no estratégicas, en la línea explicitada anteriormente de cohesionar sectores que puedan protagonizar la resistencia a la desintegración.

pouco esixentes en capital e, por iso, non é difícil a súa extensión horizontal no dobre sentido de extensión do número de socios adherentes e do número de produtos intercambiados. Desta maneira, os agrupados conseguen mellores prezos que cun sistema de compra e/ou venda individual, a expensas, no caso de mercados non oligopolizados, dos pequenos comerciantes que operan no mesmo ámbito. A supervivencia da cooperativa dependerá en gran medida, do grado de oligopolio do mercado de que se trate e, no seu caso, dos intereses e estratexias das grandes empresas que o controlan, que non sempre son contradictorias cos da pequena cooperativa. No seu activo conta, ademais dos escasos custos, o feito de que por tratarse dunha organización apéndice e de apoio das explotacións individuais, non necesita obter beneficios empresariais —en sentido amplo— para subsistir.

Outro alcance teñen as cooperativas de transformación de produtos e/ou de produción a gran escala de inputs agrarios. Eis unha das constantes en tódolos programas de desenvolvemento integral e autocentrado tradicionais no pensamento económico de Galicia (5). Cuestións máis globais á marxe, a produción cooperativa a este nivel permitiríalles ós labregos agrupados regularizar e tipificar a súa oferta nuns casos e/ou producir para a súa propia demanda noutras (6).

Pero, ¿é posible alcanzar este último estadio a partir das pequenas cooperativas de servizos?. ¿En que condicións se alcanza?. Neste punto, sen entrar en valoracións políticas sobre os resultados previsibles, unicamente apuntar varias cuestións:

a) Mentres que a extensión horizontal das actividades cooperativas é, como xa se dixo, relativamente pouco custosa, a extensión vertical require inversións proporcionalmente moito máis grandes. A acumulación de capital en contextos de pequenos agricultores é moi difícil e por se fose pouco, o capital cooperativo é bastante inmóbil.

b) As necesidades específicas da empresa cooperativa á hora de iniciar e consolidar un proceso semellante, poden conducirla a provocar un proceso de intensificación productiva nas explotacións dos seus asociados que introduciría a selección e xerarquización entre eles e nas súas relacións coa cooperativa. Así ocorreu en experiencias concretas cun resultado final que depende do grao de homoxeneidade das explotacións agrupadas (7).

IV.3. Cooperativas de explotación comunitaria da terra

O problema nunha agricultura de pequenas explotacións non é en ningún caso, só comercial. Tamén hai problemas de estruturas productivas. Unha das alternativas para resolvelos son as cooperativas de

(5) A título de exemplo, a declaración de principios do Partido Galeguista en *A Nosa Terra*, n.º 1, xaneiro 1932.

(6) No que segue, referente ás cooperativas de servizos agrícolas, hai unha visión máis detallada no meu artigo: «Cooperativismo agrario. Un enfoque estrutural». Ponencia presentada nas V Xornadas Agrarias Galegas, Poio, Pontevedra, Outubro 1987. En prensa.

(7) Véxase: Bertrand, J.P. e Pouliquen, A. «La grande cooperative, l'agriculture familiale et le développement global» en *Economies et Sociétés*, serie AG, n.º 11, novembro-décembro 1973.

Alternative experience in social economy. Reflections on an Underdeveloped framework in times of crisis. (Abstract)

Manuel Jordan Rodríguez

This paper makes some reflections on a kind of alternative in social economy: cooperative enterprises, its meaning, possibilities and limitations within the frame of Galician underdevelopment and the economic crisis.

From a formal perspective, cooperatives are an organization of enterprise different from the usual within a capitalist economy, because it does not imply the interrelation between employers and proletarians.

Cooperative organizations on different sectors of the economic activity, such as cooperatives for industrial production, for agricultural production and for community exploitation of the land, are advantageous from an economic point of view.

The consequences of such an approach would be an over valuation of the organization as such, and herein the design of some variants of cooperativism in an utopian proletarian way, in order to create a miraculous recipe which could cure socio-economic illness at any time in any place.

It is not necessary to demonstrate here that cooperativism is not a third alternative, midway from capitalism and socialism. A conclusion could be reached that under the cooperativist formula it is possible to undertake the most diverse socio-economic projects, as well as that under different circumstances the same form of cooperativism will change the contents of that form of cooperativism but not the form itself.

I have chosen three kinds of cooperatives—for industrial production, for agricultural services and for community exploitation of the land—, according to the social sectors to whom the form is addressed, and also because of their specific relevance in Galicia. I analyze their possibilities in the more generic frame of a capitalist economy in an underdeveloped country, within the economic crisis.

Cooperatives for industrial production

The evolution of cooperatives for industrial production is conditioned by the fact that it has to operate on a capitalist market context, so decisions on production have to be taken from a firm perspective which contradicts the social dimension of the cooperative, in which every worker is also a share-holder and parti-

ciación comunitaria de terras e gandos (8). Con frecuencia presentáronse coma a solución por excelencia para resolver los problemas de estructura productiva de tódalas pequenas explotacións.

Creo que o seu campo de aplicación debería limitarse a contextos moi concretos. Mediante a agrupación de varias pequenas explotacións alcanzaríanse as economías de escala propias da gran explotación só se se solucionan positivamente os principais problemas desta figura.

Por economía de tempo destacaréi, unicamente, e a título de exemplo o máis importante: a cooperativa de explotación comunitaria aforra man de obra. Isto explica que frecuentemente se monten en contextos en que hai emigrantes, titulares de explotacións de idade ou hai, por calquera motivo, absentistas. Para eles meten as terras na cooperativa pode ser unha alternativa fronte ó arrendamento ou a deixalas sen explotar. En calquera destes casos as posicións dos socios fronte á cooperativa son heteroxéneas e potencialmente conflictivas.

Outra posibilidade é que para os titulares das pequenas explotacións integradas, a cooperativa sexa a súa alternativa de emprego. Así nacen cooperativas sobrecargadas de man de obra, o que repercute na organización do traballo e encarece custos, pois agora os salarios da abundante man de obra compútanse como un custo.

Este problema é a manifestación puntual dun dos problemas comúns a tódalas alternativas para unha agricultura de pequenas explotacións. Eliminalo requeriría adoptar unha serie de medidas que, no meu país, polo seu alcance e a diversidade de temas involucrados, sería parte fundamental dun programa de reforma agraria. De aí que, mentres un tal programa non se aplica, a corto prazo a fórmula só sexa funcional en circunstancias moi concretas sen que se deba, racionalmente, pensar na súa xeneralización.

V. A Dimensión social das cooperativas en Galicia

Vimos ata aquí que non hai argumentos económicos incuestionables que avalen calquera tipo de cooperativa en calquera circunstancia. Pero o cooperativismo ten unha dimensión social inseparable do económico e por iso calquera análise, baixo pena de pecar de parcial, terá que ter en conta este segundo aspecto. As razóns técnicas terían que matizarse en función das razóns e dos obxectivos sociais.

Non fai falta demostrar que o cooperativismo pode servir para vehicular proxectos sociais moi diversos. Na base, pois, de tódolos análises acerca da dimensión social das cooperativas subxacen os xuízos de valor do analista sobre a situación social concreta en que se van aplicar, os obxectivos sociais que se defenden e os medios para alcanzalos. As conclusións de tales análises só terán validez para quen comparta os xuízos de valor que os inspiran. Os nosos particulares xuízos de valor arrincan de considerar como marco de referencia a economía galega e do seu diagnóstico como economía subdesenvolvida na que, por tanto, as manifestacións da crise económica teñen unha dimensión particular. Creo que o que está en xogo neste momento na

(8) Véxase Ponencia: «Sobre as cooperativas de explotación comunitaria e as pequenas explotacións», en III Xornada Agrarias Galegas, A Coruña, Abril 1985. As Ponecias e comunicacións destas Xornadas foron publicadas nun libro pola Diputación Provincial da Coruña en 1987.

icipates in decisions which might affect his own interests as a worker in the short term.

In this situation, the more frequent experiences on cooperativism are in small units, producing for small markets where the tendency toward a more intensive production is smaller, so it does not contradict the social character of the cooperative, particularly in those fields referring to financial costs which are not the result of a previous process of accumulation, on the one hand; and to management contradictions and difficulties due to the fact that workers assume a double role, as managers and workers. Also, when compared to other kinds of small firms, it should be noted that cooperatives resist the effects of crisis much better, because if the firm was to be closed it would extinguish the rent source of share holders-workers-managers.

Summing up, from an economicist perspective, cooperatives for the industrial production will always take a marginal role the economy as a whole is considered.

Cooperatives for agricultural services

This kind of cooperative, when it does not assume the transformation of its products, does not need a big amount of capital investment, so it is not difficult to find a horizontal generalization in the number of share holders and the number of products interchanged. Its members would get better prices for their products in absence of oligopoly, and they would not need to obtain enterprisa-rial benefits to survive.

The question changes if the cooperative also assumes the transformation of its products, or/and produces agricultural inputs at great scale, because it would allow producers to standardize their offer or/and produce for their own demand.

Cooperatives for the communitarian exploitation of the land.

The problem of agricultural production when units are too small is not only conditioned by commercial aspects, but is also a problem of productive structures. An alternative for this problem is cooperatives for the communitarian exploitation of land and cattle.

In my opinion, this kind of cooperative should only be applied in very specific circumstances. As an example we could mention the most important case: as this kind of cooperative saves labour, it is very frequently adopted when there is migration, owners of land of old age or absentism.

Another possibility is that the cooperative is the only alternative to keep jobs in presence of small units of exploitation, even if it means to increase costs. This problem is common to all alternatives when the agricultural system is based on small plots of land, and the only way to avoid it is through an agricultural reform plan.

miña terra non é só conseguir niveis de renda dignos para algún sector da poboación senón tamén por freo a un proceso de desintegración social. Se o económico define intereses, define grupos sociais e por tanto proxectos de futuro, Galicia estase quedando sen bases sólidas. Os obxectivos van encamiñados a cohesionar sectores sociais, sectores económicos que poidan protagonizar un proxecto de resistencia coherente ante a desintegración, excluindo, pois, a idea de «derrube» como punto de partida do progreso social.

En canto ós medios, aquí inscribíense as cooperativas, serán válidas as que en cada caso concreto posibiliten esa cohesión de sectores sociais ou sectores económicos na liña antes definida.

V.1. A dimensión social das cooperativas de produción

En sectores industriais nos que hai presenza sindical e con altas taxas de paro caben diferentes perspectivas sobre o papel das cooperativas de produción. Para unha liña de pensamento que comeza nos discípulos do socialismo utópico e pasa polos «Ateliers Nationaux» de Luis Blanc con ramificacións na II.^a Internacional e no pensamento social cristián, as cooperativas de produción permiten protexer unha parte da comunidade dos aspectos máis adversos do capitalismo, resolvendo a curto prazo, e para esa parte, os seus problemas de renda (9). Díaz de Rábago, un dos precursores do cooperativismo en España vai máis alá e fala (en 1883!) de que as cooperativas permiten «salvar en paz alguna de las dificultades creadas por la crisis económico-social que atraviesan los pueblos modernos y resuelven el problema mas urgente de estos pueblos: el problema obrero, evitando que sirva de pretexto a la revolución social» (10).

Non creo que no meu país neste momento sexa certa a disxuntiva de Rábago, cooperativas versus revolución social. Sen embargo, está implícita no seu razonamento unha proposición metodolóxica, que tamén está en Marx (11), que me parece clave. ¿Cal é o custo de montar cooperativas na industria, como alternativa ó paro?. Responder esta pregunta significa examina-lo papel social das cooperativas na industria e a súa relación co papel que lles atribuíamos ós sindicatos.

A posición social e os intereses obxectivos dos cooperativistas na industria persegue uns fins, a curto prazo, que, por particulares e non xeneralizables, non coinciden cos dos sindicatos. Boa proba diso é que, como recolle J. Solé Tura, hoxe por hoxe, non se integran nos sindicatos (12). O cooperativismo de produción, xa se viu, ten un alcance económico limitado, poderá resolver na industria os problemas dun grupo de obreiros parados, pero non é a solución para tódolos parados. Se esta solución ou as medidas atenuadoras de tal situación, chega, deberase, entre outros factores, á existencia de sindicatos fortes que, máis alá da negociación salarial empuxen cara a determinadas solucións máis globais de Política Económica. Por iso preconizar

(9) Vézase, por todos: Blanc, Louis. *Organisation du travail*, Coquille Freres Editeurs, Paris, 1845.

(10) Díaz de Rábago, Joaquín. «El Crédito Agrícola», en *Obras Completas*, Tomo III, Santiago 1898. páx. 229.

(11) Supra: «As cooperativas en Marx e Engels».

(12) Solé Tura, Jordi. «Comisiones Obreras, entre el pasado y el futuro» en *El País*, 22 de novembro de 1987.

The social dimension of cooperatives in Galicia

We have seen that cooperativism cannot be defended in economic terms for all kind of circumstances. But cooperativism has a social dimension which is not possible to separate from the economic one.

It is not necessary to demonstrate that cooperativism can be used as an instrument to implement different social projects, which objectives would depend on the specific framework in which it operates. For the Galician underdeveloped economy, it would be an instrument to allow some groups to obtain enough levels of rent, and also to prevent the process of social digregation.

Cooperatives for industrial production

Cooperativism can be seen from different perspectives according to levels of unemployment and the presence of labour unions.

Which would be the costs of cooperativism as an alternative to unemployment? To answer this question would be to analyze the social role of cooperatives in industry and also its relation to the role played by unions.

The social position and the objective interests of shareholders in cooperatives are in conflict with those of the unions at short term. Cooperativism in industrial production might solve the problems of a group of workers, but it is not a solution for all unemployed workers.

It is not the mission of unions to promote cooperatives, but cooperatives are present. Which should be the positions of unions towards cooperatives?

In general terms, unions should —if they can— join the cooperatives and participate in them, in order to avoid their degeneration into normal firms, and the tactic to develop at each situation should depend on the specific cooperative.

Exceptionally, cooperatives of industrial production have a sense as a formula to bring into the oficial economy some activities from the underground economy (textile industries, for instance), particularly in some rural areas in Galicia.

Cooperatives for agricultural production

The idea of cooperativism as a substitute for unionism has specific and important connotations within an agricultural system characterized by the presence of small production units, where any economic policy to be implemented favours integration of the small units. In this sense cooperatives are one way for integration, although not the only way.

The opportunity cost of building up cooperatives in Galicia is small, because unionism in agriculture has very little influence.

Cooperation in agriculture can be a good starting point for integration of the sector in a country where up to 40% of the active po-

operativas de produción indiscriminadamente significaría o abandono de todo punto de vista coherente sobre o cambio social e significaría dividi-los obreiros entre os que están en cooperativas e os que non. Por iso tamén, que os sindicatos reivindicasen con carácter xeral cooperativas como alternativa ó paro significaría o suicidio dos mesmos. Aínda máis, incluso dende unha posición pragmática os sindicatos están en condicións de conseguir máis, en orde a preservalos niveis de renda de máis obreiros, que os limitados programas de axuda para a constitución de cooperativas de produción.

Xa se dixo que non é función dos sindicatos promover cooperativas e sen embargo están aí. Á marxe das valoracións, é un feito que se constitúen cooperativas de produción. ¿Cal sería o papel dos sindicatos ante isto?

Con carácter xeral creo que se poden dicir poucas cousas excepto que os sindicatos deben, se poden, estar dentro das cooperativas como dentro de calquera empresa, intentando impedir que dexeren en simples empresas e que a táctica concreta dependerá de cada tipo concreto de cooperativa.

Excepcionalmente, as cooperativas de produción teñen sentido como fórmula que permita aflorar algunhas actividades de economía sumerxida, particularmente en zonas agrícolas de Galicia sen presenza sindical porque tampouco hai industria, como alternativa a un sistema de traballo doméstico para industria textil ou outras, en razón de que poida supor un paso adiante no grao de organización e coherencia social.

V.2. A dimensión social das cooperativas agrarias

A idea do cooperativismo como substitutivo do sindicalismo ten unhas particulares e intensas connotacións nunha agricultura de pequenas explotacións. De feito, as primeiras cooperativas agrarias que se crearon en España foron, e non por casualidade, ó abeiro da «Ley de sindicatos agrícolas» de 1906. Nalgúns países comunitarios as confederacións de cooperativas agrarias teñen recoñecido o estatuto de organismos representativos do mesmo nivel que os sindicatos agrarios, á hora dunha negociación.

Noutra orde de cousas, parece que as posibilidades de instrumentalizar entre pequenos agricultores calquera política económica, son maiores se estes están agrupados. As cooperativas agrarias son unha forma, non a única, de integración (13).

Tamén, e non só dende a esquerda radical, pensouse nunha estratexia de transformación gradual dunha agricultura de pequenas explotacións a partir de fórmulas simples de cooperativas de servizos que crearían cooperadores-agricultores «ilustrados» que progresivamente adoptarían fórmulas máis amplas de cooperación, ata chegar á explotación en común da terra.

En Galicia non hai case custo de oportunidade de montar cooperativas agrarias porque os sindicatos agrarios teñen pouco peso. Por outra parte, os perigos de que a través das cooperativas agrarias se instrumentalice unha política agrícola que está sendo nefasta para a

(13) Véxase: Schiller, Otto. *Formas de cooperación e integración en la producción agrícola*, Ed. Siglo XXI, Madrid, 1976

pulation is in agriculture, so it is important to face any project for the economic development of the country.

In conclusion, the reasons for cooperativism are tactic, not strategic, as noted before, because it can avoid desintegration and dispersion.

nosa agricultura non son reais porque, de feito, as cooperativas agrarias son, hoxe, unha das puntas de lanza da oposición a esa política e porque o problema é organiza-los agricultores para que opinen. Non se trata, tampouco, de apoia-lo cooperativismo agrario en Galicia en nome dunha estratexia de transformación gradual cara a formas de propiedade e explotación máis socializadas, porque non ten por que darse, de feito non se dá, o paso de formas de cooperación nos servizos a formas de cooperación na produción. Máis ben é que, ademais de «ilustra-los» agricultores, o cooperativismo agrario neste momento pode ser un punto de agrupamento dun sector social fundamental nun país co 40% da poboación activa na agricultura, dun sector económico ata agora pouco organizado, no que se deberá de basear por forza calquera proxecto de desenvolvemento do país. En definitiva, trátase de razóns tácticas, non estratéxicas, na liña explicitada anteriormente de cohesionar sectores que poidan protagoniza-la resistencia á desintegración.

Certamente, se os meus particulares xuízos de valor poden non ser compartidos e por tanto o enfoque do cooperativismo que de eles se desprende, aínda máis difícil será que nas miñas reflexións haxa algo de extrapolable para outros contextos. En calquera caso conforme con que servira de estímulo para a vosa sempre necesaria crítica.

Compostela, decembro de 1987.